

Cannabis

Lembra!

Decide por ti...

**Non
te deixes
enganar**

Cannabis

**Non
te deixes
enganar**

Cannabis

O cannabis (*cannabis sativa*) é unha planta que contén diversos compostos, denominados cannabinoides, que son os que producen efectos no sistema nervioso e teñen potencial adictivo, dos cales o THC é o principal responsable. A forma habitual de consumilo é fumándoo mesturado con tabaco, ben utilizando directamente as flores e follas (marihuana) ou en forma de resina (haxix).

O cannabis NON é un produto inofensivo para a saúde

A pesar de ser un “produto natural”, o cannabis é tóxico e pode provocar alteracións no funcionamento normal do cerebro. O seu consumo asóciase coa aparición de trastornos mentais como a ansiedade, a depresión e a psicose. Sábese que tamén ten efectos negativos sobre a atención, a motivación, a memoria e a aprendizaxe, o cal se relaciona con problemas de rendemento escolar e co abandono prematuro dos estudos.

Fumar cannabis NON resulta menos prexudicial que fumar tabaco

A evidencia sinala que aínda que o cannabis se consuma só, o seu fume contén igualmente compoñentes identificados como nocivos.

Ademais, o efecto broncodilatador do cannabis unido ao feito de consumilo sen filtro e con aspiracións habitualmente máis profundas aumentan os riscos sinalados.

Se mesturas cannabis con tabaco, sumas os efectos prexudiciais de ambas substancias e arríscaste a desenvolver un cancro ou unha enfermidade respiratoria ou cardiovascular.

Fumar porros NON é o mesmo que utilizar fármacos que empregan compostos presentes na planta de cannabis

Varios produtos presentes nesta planta son utilizados en fármacos que tratan diversas enfermidades. Este uso controlado e seguro nada ten que ver co consumo recreativo, no cal se mesturan eses produtos con todos os demais presentes na planta en proporcións descoñecidas e a través dunha vía de administración dañina.

O consumo de cannabis pode producir adicción

A evidencia demostra que o seu uso continuado pode producir adicción, especialmente cando se empeza a consumir na adolescencia. Isto vese agravado polo feito de que o cannabis dispoñible na actualidade ten unha concentración de THC moi superior á de hai 10 ou 15 anos. O seu uso asóciase, ademais, cunha maior probabilidade de consumir outras substancias psicoactivas.

A súa legalización podería aumentar o número de persoas que o consumen

O alcohol e o tabaco, que son as dúas substancias psicoactivas legais no noso país, son as máis consumidas. O feito de legalizalo contribuiría a normalizalo na sociedade, o cal, xunto coa maior accesibilidade, incrementarían o seu consumo.

Consumir cannabis pode ter consecuencias moi serias para a túa saúde física e mental. Infórmate ben, non todo o que che contan é certo!!!